

Tras a pista da bolboreta Apolo na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, Montes De Navia, Cervantes e Becerreá



DEPUTACIÓN
DE LUGO



OS ANCARES LUCENSES
RESERVA DA BIOSFERA



unesco
Programa sobre el Hombre
y la Biosfera



ASOCIACIÓN
CORRIPA

Introdución

Este documento vai acompañarache nesta expedición pola **Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses e Montes De Navia, Cervantes e Becerreá**. Desde a **Asociación Corripa** queremos mostrar a importancia dos ecosistemas da Reserva e a necesidade de manter as actividades tradicionais para conservalos. En especial, os habitats onde se atopa a **bolboreta apolo** (*Parnassius apollo*) están moi relacionados con a pervivencia no tempo dun manexo tradicional sostible. Queremos axuntar o traballo dos nosos antepasados cos esforzos de conservación desta especie. A vosa experiencia durante esta xornada poñerá un granito de area na conservación da bolboreta apolo nos Ancares.

En esta guía contarémosvos o que facemos na Asociación Corripa, que é unha Reserva da Biosfera e coñeceremos algo máis á bolboreta apolo: como é, a súa ecoloxía, o seu estado de conservación e os impactos que están a provocar o seu declive na Península ibérica. Finalmente deixaremosvos algunhas referencias para que poidades coñecer con máis profundidade a este marabilloso insecto.



Durante a xornada, coñeceremos mellor os hábitats de interese comunitario que son fundamentais para a supervivencia desta especie e a importancia de realizar neles un manexo adecuado para favorecer a súa conservación.



Foto: Alberto Uría,
Asociación Corripa

Asociación Corripa

Somos unha asociación constituída en xuño de 2018 e situada na aldea de Robledo, no municipio de Negueira de Muñiz (Lugo). Contamos cun equipo técnico con anos de experiencia tanto na educación ambiental como no medio natural en distintos proxectos a nivel estatal.

Todas as actividades que realizamos van encamiñadas á posta en valor do medio rural e á conservación da biodiversidade dando a coñecer as súas características e as ameazas que a poñen en perigo. Fomentamos a participación activa, a formación e o voluntariado ambiental porque cremos que son ferramentas clave para concienciar á sociedade da estreita relación que existe entre o ser humano e a natureza.

Estamos convencidos de que un desenvolvemento rural sostible é posible, e por iso cremos que os nosos proxectos e iniciativas deben ter un espírito integrador que aborde os diferentes retos aos que nos enfrentamos. Si queres conocernos mellor, visita o noso Xardín e a nosa web www.asociacioncorripa.org



Qué unha Reserva da Biosfera?


As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único, en ambientes terrestres, costeiros e mariños, nas cales a integración da poboación humana e as súas actividades coa conservación son esenciais.

Reservas da Biosfera de Lugo



Na provincia de Lugo, máis do 84% do seu territorio está declarado como Reserva da Biosfera y hai 4 Reservas:



Mapa: Elaboración propia de Luis Jiménez, Asociación Corripa



Imaxe: modificada mediante IA (a partir dun esquema de Luis Jiménez, Asociación Corripa)

Reserva da Biosfera Os Ancares

Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá

Esta Reserva foi declarada no ano 2006 e ocupa o 6% da provincia de Lugo. Sitúase na fronteira con León e son 3 os concellos que se atopan dentro desta figura de protección: Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá.

Caracterízase polas seus fortes pendentes, nun territorio cun desnivel acumulado de 1600 m, o que xerou unha intrincada rede hidrolóxica. O río Navia, os frondosos bosques e a dificultade para transitar polo seu territorio marcan a vida nesta comarca, salpicada por multitude de pequenos núcleos de poboación.

Patrimonio natural

A diversidade xeolóxica e xeomorfolóxica da zona xera unha gran variedade de ecosistemas, aspecto de gran valor no territorio.

Destaca a presenza de importantes masas forestais de carballo e bidueiro, acompañados, entre outros, por acibros, e os sistemas agropastorales de gran interese, onde aínda pervive o manexo tradicional da gandería extensiva e atópanse multitude de especies, algunhas delas de gran importancia como a bolboreta apolo.



Foto: Alberto Uría
Asociación Corripa

A bolboreta apolo

É unha bolboreta relativamente grande. Ten unha **envergadura aproximada de 8 cm**.

Recoñécese porque ten **unha cor predominantemente branco nas súas ás con manchas negras e vermellas con forma de ollos as situadas nas ás posteriores, aparecendo áreas agrisadas con maior ou menor extensión**.

Non ten escamas na parte marxinal do á anterior e ten un aspecto hialino (Romo *et al*, 2012).



Ás anterior

Foto: Luis Jiménez
Asociación Corripa

Ás anterior

Ocelos vermellos en ás posteriores

O seu oruga pasa por cinco fases larvarias, é negra e ten unha banda subdorsal de manchas conspicuas amarelo-alaranxadas. Ten unha pelosidad fina e negra (Romo *et al*, 2012).



Foto: Miguel López Munguira. Larva (Romo *et al*, 2012).

Especies similares á bolboreta apolo

Mostrámosvos algunhas especies similares á bolboreta apolo que poden enontrarse nos mesmos hábitats, comparada con esta.

Pieris rapae



Melanargia galathea



Parnassius apollo



Ecología

É unha especie univoltina, , é dicir, completa nun só ano o seu ciclo vital, desde a posta de ovos ata a súa reprodución. Inverna en forma de ovo.

Os adultos voan entre xuño e agosto, aínda que pode variar segundo zonas e hábitats. Vive entre os 800 e 3000 m. Plantas nutricias: especies do xénero *Sedum* (*S. album*, *S. amplexicaule*, *S. forsterianum*, *S. sempervivum*, *S. telephium*, *S. brevifolium*). Na Península non se observou a utilización dos xéneros *Sempervivum* (*S. arachnoideum*, *S. arboreum*) e *Bryophylum* spp.

Parasitoides coñecidos: o himenóptero *Erigorgus apollinis*. Este insecto afecta as larvas, emerxendo posteriormente das pupas.

Aparece en pasteiros de montaña, prados subalpinos e ladeiras rochosas asolladas, habitualmente en substratos silíceos e praderías de *Festuca indigesta* (Romo *et al*, 2012).



Foto: Luis Jiménez
Asociación Corripa

Estado de conservación

A nivel xeral, descoñécese o estado de conservación das súas poboacións na Península Ibérica (Romo *et al*, 2012).

Grao de ameaza


Categoría UICN: Vulnerable A1cde

Estado de protección

Catálogo Español de Especies Amenazadas: non catalogada

Catálogos rexionais: de interese especial en Aragón, protexida en Cataluña, En perigo en Madrid e De interese especial en Castela-A Mancha

Área de distribución



Estado de conservación


Ameazas

Esta icónica bolboreta de grandes dimensións está en regresión debido á (Romo *et al*, 2012) :


- **Desaparición do seu hábitat**, xa que está asociada ás praderías de montaña que levan décadas desaparecendo dos nosos montes, en moitos casos polo abandono das actividades agrarias sostibles.



- **Cambio climático**: o cambio no réxime de precipitacións e temperaturas alteran os ciclos biolóxicos das especies máis sensibles, sendo a bolboreta apolo un bioindicador de gran relevancia.




- **Reforestacións inadecuadas**: a plantación de árbores en hábitats crave para a especie pode supoñer un risco para certas poboacións locais.



- **Os deportes de montaña e as actividades turísticas**: certos deportes e a súa práctica masiva poden alterar os hábitats onde se atopa y poden destruír o seu hábitat por infraestruturas e desenvolvementos urbanísticos.



- **Coleccionismo**: esta bolboreta, así como outras especies silvestres están protexidas e non poden ser colleitadas.



Hábitats de interese comunitario e a bolboreta apolo

Nesta expedición imos explorar explorar parte da Reserva da Biosfera. Os hábitats de interese comunitario que están relacionados coa bolboreta apolo son os seguintes: podes sinalalos na imaxe e rodear aqueles onde habita a bolboreta apolo, tanto adultos como larvas



- Prados calcáreos ou basófilos de *Alyssosedion albi* (*)
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
- Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*)
- Turberas de cobertura (* para as turberas activas)
- Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
- Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
- Roquedos silíceos de vexetación pioneira *Sedo-Scleranthion* ou *albi-Veronicion dillenii*

Referencias

- Asociación Corripa (2025). Web Asociación Corripa.
- Ministerio para la Transición Ecológica. Dirección General de Biodiversidad y Calidad Ambiental (2017). Inventario Nacional de Hábitat. Anexo I de la Directiva 92/43/CEE. Enlace cartografía.
- Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (2025). Fichas Tipos de Hábitat de Interés Comunitario de España
- Xunta de Galicia (2025). Web Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, Montes De Navia, Cervantes e Becerreá
- Romo, H., García-Barros, E., Martín J., Ylla, J. y López M. 2012. Parnassius apollo. En: VV.AA., Bases ecológicas preliminares para la conservación de las especies de interés comunitario en España: Invertebrados. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. Madrid. 65 pp.

